



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: XX diploma de directivo da Xunta de Galicia.

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	150
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	1998
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A capacitación dos funcionarios da Xunta que aspiren a postos para os que se esixa o diploma de directivo, para desenvolve-las súas aptitudes directivas ou modifica-las actitudes para optimiza-la eficacia e eficiencia da súa xestión e das unidades administrativas baixo a súa dependencia.

DESTINATARIOS

Dous tercios do total das prazas convocadas quedarán reservadas para o persoal da Administración autonómica que estea comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, así como para o persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, que estea ocupando postos de traballo de xestión sanitaria que non teñan carácter asistencial.

Ás prazas do tercio restante poderá optar o seguinte persoal: -O restante persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro; -O persoal estatutario fixo do Servicio Galego de Saúde; -O persoal docente ó servizo da Comunidade Autónoma de Galicia; -O persoal funcionario de calquera outra das restantes administracións públicas existentes en Galicia.

PROGRAMA

Contido básico: o curso estará distribuído en módulos para o desenvolvemento teórico-práctico de, entre outras, as seguintes materias: A función directiva na Administración pública. Seminario de habilidades directivas. A xestión de recursos humanos na Administración pública. A xestión económica e orzamentaria na Administración Pública. Organización e procedemento administrativo. A dirección por obxectivos e o control da xestión. Xestión de cambio e modernización administrativa.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes efectuarase por unha comisión designada para o efecto, de conformidade co previsto no artigo 6 do Decreto 294/1992, do 10 de setembro e constará de dúas fases:

1ª fase: valoración de méritos.

2ª fase: realización dunha entrevista, na que se valorará pola comisión as condicións intelectuais, calidades humanas e profesionais e a capacidade de liderado e motivación dos aspirantes. Dita entrevista poderá puntuarse ata un máximo de 5 puntos.

3. DATOS EDICIÓNS

1136001

LOCALIDADE: SEN DATOS

INICIO / FIN: 12/06/1998 a 05/09/1998

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE